



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Aprobación provisional de modificación de ordenanzas fiscais

ANUNCIO

O Pleno do Concello da Laracha en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2025, acordou a aprobación provisional da modificación das seguintes ordenanzas:

Ordenanza fiscal 3.4 de reguladora da taxa do lixo

Ordenanza fiscal 7, reguladora da taxa pola utilización de casas de baño, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, que pasará a denominarse Ordenanza fiscal 3.5, reguladora da taxa pola xestión de reservas na utilización de instalacións deportivas municipais

E en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, sometese o expediente a información publica polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede do Concello: sede.alaracha.gal.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

A Laracha, 29 de outubro de 2025

O Alcalde accidental (decreto 1212/2025, do 24 de outubro de 2025)

Jose Ramón Martínez Barbeito

2025/7094